

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Ampliación do horario de peche de establecementos

ANUNCIO

Asunto: ampliación do horario de peche de establecementos

Publícase para xeral coñecemento a Resolución da Alcaldía do Concello de Vimianzo de data 16/06/2025 pola que se amplían os horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas durante a celebración da XXIX edición da festa do Asalto ao Castelo e das festas do verán na vila de Vimianzo 2026.

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHES DE ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E DE INICIO E FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS DURANTE A CELEBRACIÓN DA XXIX EDICIÓN DA FESTA DO ASALTO AO CASTELO E DAS FESTAS DO VERÁN NA VILA DE VIMIANZO 2026

EXPEDIENTE: 2026/U029/000013

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia establece no artigo 5.f) que correspóndelle aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo os criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

O art. 17.2. desta norma establece que a orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

A Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no seu artigo 8 a modificación de horarios, establecendo no seu apartado 1: “De acordo co artigo 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os horarios xerais poderán ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desta orde”.

Apartado 2: “Corresponderalles aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais”.

O artigo 9 desta Orde establece no seu apartado 1: “Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica”.

Apartado 4: “En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas”.

O artigo 3.4 desta Orde establece: “En todo caso e para todos os establecementos regulados nesta orde, entre o seu peche e a apertura seguinte deberá transcorrer un período mínimo de 4 horas.

Cando coincidan o horario especial de peche e mais o tempo máximo de desaloxo xunto cunha ampliación de 2 horas autorizada polo concello e non sexa posible compatibilizar o peche e a apertura seguinte co disposto neste número, o establecemento en que concorran as devanditas circunstancias deberá, en todo caso, atrasar o horario xeral de apertura que lle corresponda durante o tempo necesario para que transcorra un período mínimo de 4 horas”.

En virtude do exposto neste marco contextual, tendo en conta a celebración da festa do Asalto ao Castelo de Vimianzo e das festas do verán que se celebran no lugar e parroquia de Vimianzo e en aras de adoptar medidas de apoio ao tecido socioeconómico e produtivo da nosa localidade, considerando que nestas datas a restauración e o ocio xogan un papel fundamental para a revitalización da economía vimiancesa e a normalidade social perdida nos últimos anos, RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar expresamente, con carácter ocasional para a festa do Asalto ao Castelo de Vimianzo e para as festas do verán de Vimianzo, durante os días que seguidamente se indica, a ampliación en dúas horas do horario de peche dos horarios xerais dos establecementos abertos ao público do artigo 5: III.2.5 (Establecementos de restauración: restaurantes, salóns de banquetes, cafetarías e bares) e III.2.7 (Establecementos de ocio e entretemento: salas de festas, discotecas, pubs e café espectáculo) da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Esta ampliación soamente poderá levarse a cabo polos titulares de establecementos abertos ao público existentes na parroquia correspondente:

- Festa do Asalto ao Castelo de Vimianzo, durante os días 30 de xuño, 1, 2, 3, 4 e 5 de xullo de 2026.
- Festas do verán de Vimianzo, durante os días 7, 8 e 9 de agosto de 2026.

Segundo.- A ampliación autorizada queda supeditada a que os titulares de ditos establecementos públicos dispoñan da correspondentes licenza municipal de apertura outorgada ou de Declaración Responsable para o inicio da actividade, que fora sometida aos medios de intervención administrativa correspondentes con resultado favorable e notificada aos seus titulares. A ampliación horaria autorizada non afectará ao réxime de horario que as terrazas e veladores teñen establecido.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, ao ter por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas (titulares dos establecementos abertos ao público), en virtude do establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cuarto.- Notificar esta Resolución á policía local para o seu coñecemento e efectos oportunos, así como notificar ao posto da garda civil de Vimianzo e á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Quinto.- Dar conta desta Resolución na próxima sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Así o manda e asina á Sra. alcaldesa, en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A alcaldesa

O secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juiz

(Documento asinado dixitalmente)”

O que asino en Vimianzo, o 17 de xuño de 2026

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado dixitalmente)